

COMUNICACIÓN PREVIA DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE ACTIVIDADE

Solicitante					
DNI-NIF/NIE		Nome e apelidos/Razón social			
Correo electrónico				Teléfono	
Representante					
DNI-NIF/NIE		Nome e apelidos			Teléfono
Medio de notificación					
<input type="checkbox"/> Por correo postal					
Rúa/....			Núm.	Escaleira	Planta
CP	Municipio	Provincia		País	
<input type="checkbox"/> Por medios electrónicos					
Correo electrónico (no caso de que se actúe a través de representante)					

COMUNICA AO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA que exercerá a titularidade da actividade indicada de acordo co disposto nos artigos 24 e 40 da Lei 9/2013, do 19 de decembro do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, para os efectos oportunos.

Localización, datos do local e da actividade			
Rúa/...		Núm.	Planta
Barrio		Código postal	
Referencia Catastral			Superficie (m2)
Nº de Licenza orixinal /Nº expediente de referencia			
Descrición			
Denominación comercial		I.A.E.	

Documentación
<p>A achegar polo interesado:</p> <p><input type="checkbox"/> DNI-NIF/NIE do solicitante</p> <p><input type="checkbox"/> DNI-NIF/NIE do representante, se procede</p> <p><input type="checkbox"/> Acreditación da representación, se procede (marcar no Anexo 1 os documentos achegados)</p> <p><input type="checkbox"/> Copia da licenza ou declaración responsable da actividade que cambia de titular ou número de expediente municipal.</p> <p><input type="checkbox"/> Título de ocupación do local.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Documento acreditativo da dispoñibilidade do local no que se vai desenvolver a actividade (contrato de compra, arrendamento, etc.). <p><input type="checkbox"/> Seguro de responsabilidade civil (en espectáculos públicos e actividades recreativas): copia da póliza do seguro de responsabilidade civil obrigatorio e xustificante do pago das primas correspondentes.</p> <p><input type="checkbox"/> Documento de autoliquidación da taxa correspondente.</p>

Declaración responsable

O/a novo/a titular da actividade **DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:**

- Que a actividade que se vai desenvolver é a xa comunicada no expediente de referencia, que non foi interrompida por tempo superior a un ano e non se realizaron reformas substanciais do local nin calquera cambio que implique unha variación que afecte a seguridade, salubridade ou perigo do establecemento.

- Que conta cos seguros que resulten preceptivos e que cumprirá os requisitos esixidos pola normativa de aplicación e manterá as medidas correctoras precisas para o correcto desenvolvemento da actividade durante o tempo do seu exercicio. Ademais, contará no local, a disposición dos servizos de inspección municipais, cunha copia desta comunicación e, no caso de actividades recollidas na Ordenanza Xeral Municipal reguladora de emisións e recepción de ruídos, vibracións e condicións dos locais, certificado do illamento acústico conseguido no local, realizados por empresa homologada pola Xunta de Galicia, asinadas por técnico/a competente da empresa homologada.

- Que, ao tratarse dunha actividade continuada, se axustará ás esixencias derivadas da nova normativa que vaia entrando en vigor, e obterá as autorizacións que, se é o caso, resulten necesarias para tal finalidade.

AUTORIZA, para os efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, a esta Administración, á comprobación telemática con outras administracións públicas dos datos declarados e demais circunstancias relativas ao exercicio da actividade que se vai desenvolver.

Santiago de Compostela, ____ de _____ de 20 ____

O/A NOVO/A TITULAR _____

Sinatura

Esta comunicación correctamente formalizada producirá efectos dende a data da súa presentación no Rexistro do Concello de Santiago e Compostela ou por calquera medio válido segundo o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

ADVÉRTESELLE QUE consonte o disposto no artigo 26 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Así mesmo, a resolución administrativa que constata as circunstancias ás cales se refire o parágrafo anterior comportará o inicio das correspondentes actuacións e a exixencia de responsabilidades, e poderá determinar a obriga do interesado/a de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento durante un período de tempo determinado de entre tres meses a un ano.

PRESTO O MEU CONSENTIMENTO para a reutilización polo Concello dos documentos achegados

NON PRESTO O MEU CONSENTIMENTO para que os datos ou documentos necesarios para o trámite desta solicitude sexan obtidos mediante consulta a outras administracións

Data da solicitude,

Sinatura

Coa sinatura desta solicitude autorizo que o Concello de Santiago de Compostela realice o tratamento dos datos persoais declarados coa finalidade de xestionar o procedemento derivado dela. A lexitimación vén atribuída polo consentimento da persoa interesada e polas competencias municipais establecidas na normativa de aplicación. Conservarase o tempo necesario para resolver o expediente e as responsabilidades derivadas. As persoas destinatarias serán os departamentos municipais, as empresas concesionarias ou outras administracións públicas con competencias na tramitación do expediente. Poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, limitación do tratamento ou calquera outro establecido na normativa vixente ante quen sexa responsable do tratamento e consultar información adicional en www.santiaqodecompostela.gal

ANEXO 1: DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DA REPRESENTACIÓN

En todos os casos é preciso achegar o DNI-NIF/NIE da persoa representada e da representante

Para a representación de persoas físicas maiores de idade (sinale o que corresponda)

- Poder notarial
- Apoderamento outorgado mediante comparecencia
- Outros documentos legais de representación maiores de idade

Para a representación de persoas con discapacidade (sinale o que corresponda)

- Resolución xudicial
- Declaración de gardador de feito¹

Para a representación de persoas xurídicas (sinale o que corresponda)

- Escritura pública
- Poder notarial

Para a representación de herdanzas xacentes, comunidades de bens ou outras entidades sen personalidade xurídica (sinale o que corresponda)

- Escritura pública
- Poder notarial

En caso de representación de persoas menores de idade (sinale o que corresponda)

- Libro de familia
- Resolución xudicial ou administrativa
- Outros documentos legais de representación

(1) Poden presentar solicitudes en nome da persoa con discapacidade